

COMO PRESENTAR A MIÑA IDEA DE NEGOCIO EN PÚBLICO

Para presentar o teu proxecto diante do público, é necesario ter contar dos seguintes aspectos básicos:

- ✓ Dominar o proxecto
- ✓ Coñecer a audiencia
- ✓ Preparar o material
- ✓ Coñecer a hora e controlar o tempo
- ✓ Prever preguntas e preparar respostas
- ✓ Ensañar o discurso
- ✓ Preparar o escenario
- ✓ Preparar o inicio da presentación

A presentación debe seguir unha estrutura en partes semellante á que sigue:

I. Introducción

- A. **Presentación:** a introdución do Plan de negocio xirará arredor da presentación de emprendedor e empresa, destacando os aspectos do currículo (habilidades ou coñecementos) de utilidade para a empresa.
- B. **Problema:** a formulación do problema servirá para recrear unha situación en que se poida aplicar o produto ou servizo. Sería recomendable ilustrar a explicación cun caso ou exemplo, como pode ser a través dun enlace a un vídeo ou unha imaxe.
- C. **Solución:** a importancia da solución proposta que facilitará a nosa empresa pode requirir unha ou varias transparencias distintas que sirvan para proporcionar unha visión xeral do produto/servizo, utilidades e beneficios.

II. Mercado

- A. **Cientes:** neste apartado darase conta da segmentación de mercado (potencial e real), a xustificación do segmento seleccionado, as características dos clientes potenciais e os fundamentos da valoración positiva que se espera que faga o cliente.
- B. **Competidores:** neste apartado farase unha referencia aos competidores, deixando clara a diferenciación e vantaxes da empresa ou produto/servizo fronte á competencia.
- C. **Posicionamiento:** analizado mercado e competencia, xustificarse o posicionamiento que terá a empresa no mercado (como resultado da

análise dos puntos anteriores), para o que pode ser interesante mostrar o logo ou imaxe corporativa da empresa que introduza elementos atractivos á presentación.

- D. Comercialización:** neste punto darase conta de como se vai levar a cabo a venda do produto/servizo (venda directa ou canle de distribución).

III. Organización

- A. Forma xurídica:** a elección da forma xurídica pode ser un tema para tratar en profundidade polas características da organización interna (por exemplo no caso dunha cooperativa) ou comentarse como un punto dentro do seguinte apartado.
- B. Organigrama:** neste apartado intentarase recoller un gráfico ou esquema da estrutura organizativa, que será a base para explicar a relación de postos de traballo e as tarefas e responsabilidades asignadas a cada posto.

IV. Plan económico-financeiro

- A. Plan de investimento:** un esquema recollerá unha previsión detallada do investimento durante os cinco primeiros anos da empresa.
- B. Plan de financiamento:** un esquema recollerá unha previsión do financiamento para a posta en marcha da empresa. O esquema recollerá as liñas de financiamento a curto e a longo prazo.
- C. Conta de resultados:** farase un resumo da previsión de resultados da conta de perdas e ganancias a cinco anos.